



Edicións Dixitais de Chan da Pólvora Editora •

5

Ese anaco de horizonte

2018. Un ano na poesía galega

Mario Regueira

Enfrontarse á perspectiva dun ano literario en poesía devólvenos a unha loita entre a vibración inqueda da actualidade e o peso das vellas inercias que trataron, ás veces cunha simple intención didáctica, de poñer un principio de orde nunha forma complexa de caos. E se algunha conclusión pode adiantarse desta perspectiva pola poesía escrita en lingua galega nun ano de finais da década dos dez é que o caos, gozoso e ingobernábel, continúa. É case un tópico cifrar nel a saúde dunha literatura: e porén a multitude de propostas e as distintas vías de expresión poética inciden novamente na idea dunha vizosa efervescencia, esporeada tamén pola diversidade editorial e comunicativa que a poesía galega forxou nos últimos anos.

Trazar con este panorama unha agrupación posíbel entraña o verdadeiro risco de ceder a organizacións vellas, moitas veces simplistas e baseadas en mitoloxías mellor ou peor tramadas, coa imperfecta pero constante referencia xeracional ondeando ao fondo. Trataremos de tomar como punto de partida, por tanto, un principio organizativo baseado noutros aspectos máis vinculados á entidade da mensaxe, a temática que se entrecruza por ela, o diálogo con outros eidos artísticos ou algo que entrou tanto en vigor nos últimos anos como a actitude comunicativa. Toda organización é precaria, disputábel e, por definición, simplificadora, moito máis a que se refire a algo que mal deixou de ser presente para converterse en pasado inmediato. O que describimos é un anaco de horizonte, o anaco de horizonte cara ao que camiñamos e do que a nosa propia perspectiva vai completándose a cada paso.

A poesía ten o deber implícito, aínda que non sempre cumpra con el, de cuestionar os marcos. Non só os marcos sociais, tamén os comunicativos e referenciais. Nese sentido, cabería falar, en primeiro lugar, daqueles proxectos deste 2018 que

arriscaron na creación dun discurso innovador, espremendo as posibilidades expresivas e entrecruzándoas con distintos elementos temáticos. Se cadra, unha das primeiras obras que veñen á mente ao pensar nesa procura da novidade sexa *Flor Negra* de Genaro da Silva. Editada por Chan da Pólvora, é unha achega á relación co desexo, que por esa mesma alusión a unha tradición mil veces explotada resalta aínda máis na súa perspectiva innovadora. A flor negra como metáfora xeral que consegue afogar as dinámicas máis habituais da paixón amorosa para ofrecer un discurso completamente diferente e que remite o seu referente de volta ao propio eu lírico.

Responde a un espírito similar *Corpo* de Antón Lopo, acollido na colección de poesía de Xerais, e que, se por unha banda retoma a poesía relacionada co físico e co desexo na que o seu autor destacou con obras anteriores, tamén somete o seu discurso a unha aproximación poética innovadora. *Corpo* navega nunha enunciación diferente, a medio camiño entre a descrición e as instrucións para unha acción que non acontece, un lugar onde o eu aparece en constante disolución e porén segue a ter o principal protagonismo. Con innegábeis ecos eróticos, pode que o que máis destaque desta obra sexa o esforzo de concentración lírica, a ruptura dunha interpretación clásica da paixón, a novidade na mirada.

Entre as balizas que deixou 2018 respecto dun tipo de poesía que se aventure por sendas novas poderíamos considerar tamén unha obra como *Resistencia da auga* de Xabier Cordal (Chan da Pólvora), cun discurso que procura unha sorte de disidencia lírica, posibelmente máis ligada á xestión das referencias que á propia forma do da mensaxe. Aparece na poesía de Cordal esa relación complexa co épico, ou coa posibilidade dunha épica que se sabe tronzada. Unha noción que tantas veces na cultura galega é tamén a relación coa memoria, cos espazos dunha identidade arrasada ou diluída e coa perspectiva familiar do rural. Os ecos dunha cultura esvaecida son aspectos que comparte parcialmente cun libro como *Do amado modo* (Galaxia) de Manuel Outeiriño, que roza tamén os lindes do discurso para manexar referentes que expliquen o choque do pasado co futuro.

Trátase de contidos que sorprendentemente escintilan á súa vez en certas pasaxes dun libro como *Sardiña* de Miriam Reyes (Chan da Pólvora), construído pola poeta galego-venezolana sobre a memoria oscilante da lingua dos seus avós, e na que esa identidade esfañada entre os dous lados do océano, que renega dunha esencia certa e constitúe a base dun discurso lírico que cambalea, rescata do seu transcorrer dubidoso o mellor que a súa poesía pode ofrecer.

Tamén sobre a memoria e a reconstrución, dirixida a un pasado que evoca esa vida rural este ano apareceron *Cartas dende o esquezo* (Galaxia) de Baldo Ramos, cunha forma poética que procura representar esa ruptura da cadencia do recordo que trae a amnesia senil. Tamén *A cama do meu avó* de Celso F. Sanmartín, máis convencional á hora de representar o rural, por máis que sexa tamén un elemento de fondo na reconstrución de momentos liricamente plenos, como as lembranzas que envolven as relacións familiares. Trátase dunha poética centrada na memoria que non sería ariscado relacionar cunha obra de ecos biográficos como *Os pasos da procura* de Celso Álvarez Caccamo (Através Editora).

Construcións da identidade que volven ao pasado na procura das súa pezas e que impugnan os tópicos ruralistas para construír unha ollada nova sobre esa realidade que aínda nos pertence aparecen de forma rotunda en libros como *Tempo fósil*, de Pilar Pallarés (Chan da Pólvora), cun tema baseado na desaparición das casas familiares e as súas formas de vida, ou nas achegas de poetas máis novas como Noelia Gómez en *O xiro* (Xerais) ou a plaquette *Coleópteros* de Lorena Souto (Chan da Pólvora), nas que o pasado é evocado cunha actitude interrogante, confrontado moitas veces coas cuestións do presente.

As perspectivas biográficas, a medio camiño entre unha memoria colectiva, ás veces simplemente mencionada, e a individual na que se constrúe a propia complexidade identitaria, forman parte de obras como *A vida salvaxe* de Gonzalo Hermo (Premio de Poesía Afundación 2018), cun discurso poético que segue a facer válida a aposta do autor na superación saudade como tópico, construíndo camiños que permitan

tomar os pousos da memoria como elemento prospectivo e cunha actitude que encare o futuro dunha forma aberta e case retadora.

Elementos similares, como o peso dun pasado e o seu papel na construción dunha identidade moitas veces presentada como disidente aparecen en *As casas* (Espiral Maior), o primeiro libro de Carlos Lixó ou *Fronteira paraíso* de Silvia Penas Estévez (Editora Urutau). Trátase, tamén como moitos dos exemplos anteriores, de olladas que superan a idealización e as dicotomías rural/urbano. Perspectivas valiosas sobre todo por canto achegan un discurso que, as máis das veces, serve para derrubar tópicos culturais, moitas veces asociados tamén á poesía galega.

Trátase de liñas temáticas, como a construción dun relato sobre un evento de carácter persoal, que tamén poden relacionarse con obras como *O único lugar onde ficar inmóbil* de Arancha Nogueira (Editora Urutau) ou *Claus e o alacrán* de Lara Dopazo Ruibal (Espiral Maior, Premio Fiz Vergara Vilariño 2017). Construcións que moitas veces derivan cara ao amoroso ou o social, e que nestes dous casos fan gala tamén de recursos expresivos e metáforas aventuradas.

O discurso da paixón toma o protagonismo en obras como *Todo isto antes era noite* de Lucía Aldao (Apiario), agardadísimo libro dunha poeta que tiña experimentado con outras formas de autoría menos canónicas e vinculadas á oralidade. Tamén obras como *Antídoto* de Emma Pedreira (Alvarellos) ou o libro colectivo *Díaspóra de amor balea* de Andrea Nunes Brións e María Rosendo (Caldeirón, Premio Illas Sisargas 2017) caracterízanse por explorar a perspectiva menos tradicional das relacións amorosas. Un punto de vista non heterocéntrico ou empoderante da situación feminina que, como no caso de Lucía Aldao, adopta formas que remiten a unha certa tradición entroncada coa poética do cotián.

Un punto de vista radicado nunha visión poética sobre a cotidianeidade que, menos ancorada nun discurso amoroso, e máis na procura da transcendencia lírica, podemos atopar tamén en certas características de propostas como *O lugar que non hai* de Estevo Creus (Chan da Pólvora) ou *nós-dentro* de Eduardo Estévez (Galaxia).

Continúan estes autores unha liña persoal pouco delimitada na poesía galega pero que pode seguirse até a súa común orixe xeracional.

Aínda cabería mencionar tamén libros como *Memoria do corpo* (Galaxia), de Xesús Rábade Paredes ou *As bolboretas do Mekong* (Xerais) de Cesáreo Sánchez Iglesias, que non por acaso representa unha poesía que moitas veces serviu de bandeira á súa proclamada xeración poética e que sen dúbida se caracteriza polo preciosismo e a densidade, como quen tallase a pedra na procura da forma presentida dunha verdade intemporal. Son obras que xiran sobre a marabilla do mundo (Sánchez Iglesias) e os territorios limítrofes coa saudade (Rábade) e que atopan un complemento disonante na peza *Poesía mínima/ Minimal Poetry* (Alvarellos) de Helena Villar Janeiro, radicada na sinxeleza transcendental do haiku.

Dentro da tradición poética galega existe unha relación moi fonda coa poesía civil, algo que nos novos tempos pasa tamén por versións que actualicen o seu discurso. Destacaría, neste sentido, un libro como *Detéxtonos* (Positivas) de Xabier Xil Xardón, unha orixinal deconstrución da mensaxe lírica apoiado en formas da oralidade que non deixa en ningún momento de apuntar un plano de acción social. Tamén podemos apostar por incluír neste campo perspectivas moi diferentes como as de María Reimóndez en *Galicia en bus* (Xerais), denuncia xeoestrutural da situación da Galiza apoiada en cadencias e referencias prosaicas. Unha impugnación da propia lírica que tamén aparece en obras como *Tren* de Moncho Iglesias (Editora Urutau), moito máis achegado ao límite formal do que comunmente entendemos por poesía e que aposta máis ben por unha prosa lírica non carente de cadencia.

Un elemento que non abunda dentro da temática poética galega é o científico-tecnolóxico. Este ano tivo a fortuna de poder ver un libro como *Pantallas* (Galaxia) de Celia Parra, tamén autora dedicada á videocreación. Trátase dun libro que ten a rara calidade de construír un discurso sobre universais poéticos como a paixón erótica ou a memoria empregando unha clave tecnolóxica que nos mergulla en elementos de actualidade pero abrindo tamén unha vía ao futuro imaxinado.

Pola súa parte, as “novas” formas de publicación apoiadas na rede merecerían un estudo concreto que recolla o seu impacto específico no campo literario durante os últimos vinte anos. Resulta arriscado, sen algo así, falar da verdadeira incidencia dalgunha das súas iniciativas, porén resulta obrigado sequera mencionar a aparición, ao longo do ano, dun proxecto que se apoia nas novas posibilidades de difusión de internet, coa cultura do fanzine e o espírito da auto-edición de plaquettes. Trátase de Leite edicións, que xoga ao inclasificabel e que neste ano ofreceu en libre descarga (ou vendeu a baixo prezo) pezas de Pablo Rodríguez, Afra Torrado e C. Ermitas Romero. Trátase dunha poesía moi mediatizada por esta vía comunicativa, inusual, polo menos, aínda que cunha tradición que pode rastrearase nas edicións marxinais doutros momentos da historia literaria galega, nas que o aspecto gráfico tamén tomou un protagonismo inesperado. Autoras novas que escriben entre a cotidianidade e a desacralización do solemne, trazando vías de continuidade actualizada con algunhas das liñas que con máis intensidade se sinalaron na poesía dos noventa e que, evidentemente, non eran só patrimonio daquel momento.

Sen perder de vista outras mestizaxes coa cultura gráfica, aínda que nun plano editorial ben diferente, temos que mencionar un libro como *O puño e a letra* (Xerais), unha obra certamente emblemática por formular a relación da poesía coa banda deseñada, aínda que o seu interese como obra poética, ao tratarse pouco máis que dunha antoloxía da autora, sexa menor.

No ámbito da literatura infantil e xuvenil, e ao lado de obras máis convencionais, podemos mencionar aquelas que abordaron unha perspectiva diferente, máis ampla ou innovadora na súa temática. Neste sentido é imperativo falar de *Cara de velocidade* de Marga Tojo, premio de Poesía para nenos e nenas Cidade de Orihuela 2017 e lanzado, na súa versión en galego, por Kalandraka. Trátase dun poemario que, sen abdicar dun ton naïf, común tamén a outra poesía contemporánea orientada a persoas adultas, dilúe as fronteiras de xéneros e etiquetas como a propia “infantil e xuvenil” levando unha protagonista crianza a un territorio cheo de marabillas urbanas.

No campo concreto da escrita orientada a adolescentes hai que mencionar dúas obras lanzadas por Xerais que, na procura dunha linguaxe cómplice co seu público obxectivo, abordan tamén innovacións relevantes que merecerían ser exportadas a outros ámbitos. Falamos en primeiro lugar de *Street Poems* de Fran Alonso, establecendo un diálogo que evoca ámbitos como o da poesía visual e que se dirixe a un campo tan contemporáneo e aberto á linguaxe poética como é o do graffiti e o *street art*. O ton procurado, no que predomina a sinxeleza, a rotundidade e a repetición, non desmerece o esforzo de expansión. Trátase dunha tendencia que comparte con *Aplicación instantánea* de Carlos Negro, gañadora do premio Jules Verne de Literatura xuvenil, onde a reprodución dunha linguaxe próxima ás apps dos móbiles e ás redes sociais contemporáneas emparenta a súa escrita con esa veta da poesía actual que aborda sen medo a relación coas novas tecnoloxías.

Na medida na que representan tamén a aparición editorial de moitas voces novas, é relevante mencionar a persistencia da revista *Dorna* (que chegou este ano ao seu número 41 co traballo ímprobo de persoas como Alba Cid ou Ismael Ramos), ou a aparición neste 2018 da nova publicación bilingüe *Ligéia*, dirixida por Tamara Andrés e Marcus Daniel Cabada. Da mesma forma, tamén resultou relevante, en canto á difusión de voces inéditas, a antoloxía *Dentes para a mazá [doce poetas en creación]* de Chan da Pólvora. Trátase dun volume cun aspecto editorial envexábel, e que funciona como mostra eficiente de moitas das persoas que comezan a crear neste momento, aínda que tamén recolle unha das pexas máis frecuentes das antoloxías desta década: a falta de construción teórica e a ausencia dun criterio explícito que xustifique unhas escollas que parecen afiliarse inocentemente á idea de “novidade”.

Noutra perspectiva ben distinta tamén apareceu, da man de Positivas, *Onda Poética 2018*, unha antoloxía de poetas na emigración ou no exilio económico, e que formou parte do encontro Onda sobre o fenómeno migrante na Galiza contemporánea. Trátase dun criterio sólido e relativamente innovador, que deixou un pouso decidido na temática e no conxunto do volume, incorporando moitas pezas inéditas compostas para a ocasión. A proposta editorial de incorporar versións das distintas

participantes nas súas linguas de acollida dálle a rara calidade de contar con poemas traducidos ao inglés, francés, flamengo ou galés.

Finalmente, merecen un apartado especial, na medida na que contribúen á creación dun canon literario que asenta o chan que se pisará no futuro, algunhas mención ás reedicións e recuperacións que se fixeron ao longo do ano. A forma na que o arsenal simbólico da poesía galega é algo que ten que abrillantarse ocasionalmente aparece na recuperación facsimilar dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca editada por Chan da Pólvora durante este ano. Trátase de algo máis que unha reedición xa que a editora recupera por primeira vez a versión do texto lorquiano previa ás correccións feitas por Eduardo Blanco Amor, cun estudo de Xosé Luís Cochón e Manuel González que pon tamén en valor a perspectiva histórica nun sentido editorial e lingüístico, unha intra-historia que o propio volume clarifica con artigos doutros participantes e que permiten inserir o libro nunha dinámica cultural que ten tamén moito de intencionalidade e proxecto para o futuro. Un proxecto que retoma a ligazón do poeta granadino coa cultura galega e coa cidade de Compostela en particular, incidindo na calidade histórica do galego como idioma poético universal e mobilizando, coa simple mención do autor, un imaxinario republicano e favorable ás minorías nacionais e sociais. Trátase dun texto ao que tamén volveu, de forma máis modesta, a editorial Alvarellos.

Aínda que non salda a debida dunha necesaria edición crítica, a incorporación de *Os Eidos. O libro do Courel* de Uxío Novoneyra á Biblioteca de Mesopotamia, achéganos o traballo de contextualización irrepitible que fixo Emilio Araújo ao longo de quince anos nas súas conversas co poeta courelao. Resulta innegábel que disponibilizar unha obra cunha historia editorial tan complexa era imprescindible no contexto galego, tanto como debería selo incluír un estudo de tinte máis filolóxico para complementar o punto forte desta reedición, que radica no valor poético e memorialístico das valiosas achegas de Olga Novo e do propio Araújo. En calquera caso, o valor disruptivo que encarnou a obra de Novoneyra na posguerra editorial galega resulta unha escolla de recuperación editorial elocuente e tamén un

convite para revitalizar o discurso dun poeta referencial no pasado inmediato da poesía en lingua galega.

Cunha historia editorial precedida dunha longa demora, finalmente apareceu *Poesía reunida (1982-2004)* de Xela Arias, co selo de Xerais e cun longo estudo introdutorio de María Xesús Nogueira. Trátase dunha recompilación que ten interese por traer de volta ao mercado editorial os catro libros editados en vida da autora, pero tamén polo esforzo de esculca que supón incluír a poesía dispersa publicada en revistas e antoloxías. A configuración no panorama editorial dunha autora de morte temperá como Xela Arias, disonante nas estruturas xeracionais feitas para explicar a poesía dos oitenta e noventa, mobiliza sen dúbida unha serie de imaxinarios que tamén aluden á recuperación das autoras mulleres opacadas durante esa época.

Aínda queremos mencionar a reedición de *Baleas e baleas* de Luísa Castro, un dos libros emblemáticos que se sitúan frecuentemente nos sedimentos do que se deu en chamar a poesía dos 90. A reedición sacada por Galaxia, e na que participou o poeta Ismael Ramos, fainos conscientes de que esa historia da poesía recente (ou xa non tan recente) entra tamén nunha fase de reflexión e canonización, fixando algúns dos seus referentes e tamén abordando, cunha perspectiva aberta, a complexidade identitaria na que se colocara como único libro en lingua galega dunha autora que destacou principalmente no campo da literatura en castelán.

Un ano, o de 2018, caracterizado por tanto pola persistencia e a diversidade, así como pola ampliación constante de horizontes cara aos que seguir camiñando.

